



# CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

## BANDO

D. Carlos Ladra Brage, Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas, en cumprimento do establecido no artigo 21.1.e) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

### **FAI SABER QUE:**

Visto o establecido no artigo 236.3. do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

“3. Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais todas aquelas cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio e, en particular, as asociacións de veciños dun barrio ou distrito, as de pais de alumnos, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e calquera outras similares.

4. O Rexistro levarase na Secretaría Xeral da Corporación e os seus datos serán públicos. As inscricións realizaranse a solicitude das asociacións interesadas, que deberán aportar os seguintes datos:

- a) Estatutos da asociación.
- b) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Domicilio social.
- e) Orzamento do ano en curso.
- f) Programa de actividades do ano en curso.
- g) Certificación do número de socios.

No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e salvo que esta tivera que interromperse pola necesidade de aportar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta a todos os efectos.

As asociacións inscritas están obrigadas a notificar ao Rexistro toda modificación de datos dentro do mes seguinte ao que se produzan. O orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano.

O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o Concello poda dar de Baixa á asociación no Rexistro.”

Polo exposto anteriormente, publícase o presente Bando a efectos de que as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións procedan á actualización dos datos requiridos no artigo 236 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais antes de que finalice o mes de xaneiro de 2021, advertindo que o incumprimento de dita obriga dará lugar a que o Concello poda dar de baixa á asociación no devandito Rexistro Municipal.

Cabanas, 8 de xaneiro de 2021

A Alcalde,  
Carlos Ladra Brage

